

FICHA DIDÁCTICA

DIARIOS ZOMBI 2: AO FEITO, UUUBRE!



Texto: Guy Edmonds / Matt Zeremes

Ilustracións: Jake A Minton

Tradución: Xosé Duncan

Idioma: Galego

Encadernación: Rústica con solapas

IBIC: YFA

Medidas: 13 x 21 cm

Páxinas: 256

ISBN: 978-84-10049-00-0

PVP: 14,90 €

Ola! Son Jimmy e estou vivindo unha APOCALIPSE ZOMBI totalmente estraña! Todo o mundo anda bruando e babando por todas partes! E resulta que atopar unha cura para devolver as VACAS ZOMBIS á normalidade non é tan doado como parecía. Aínda así, os meus amigos e mais eu non perdemos a esperanza! Estamos seguros de que o meu can, Oso, e a súa baba superespecial son a clave para arranxar esta lea... Crucemos os dedos!

Antes da lectura...

- Falemos de diarios. Todos saben **que é un diario**? Alguén ten un? Para que o utilizan?
- O protagonista desta historia queredo ser **guionista de cine** de maior. Saben que é iso? Todos coñecerán a profesión de actor/actriz nun filme, pero que **outras profesións** son necesarias para poder facer unha película?
- Os habitantes de Vilacú padecen **unha pandemia que os converte en vacas-zombi**, lembran algo da pandemia que sufrimos hai uns anos? Como afectou ás súas vidas no día a día?
- Os nosos protagonistas continúan na busca dun antídoto, saben o que é? Explicar/falar da **diferenza que hai entre un antídoto e unha vacina**.





Despois da lectura...

- A serie Diarios Zombi fai constantes referencias a películas dos 80 e 90. Alguén sabe en que película se basea o personaxe de Martin? Enumerar películas “antigas” deses anos que visen e dicir cal é a súa favorita.
- Cando os nosos amigos chegan a Industrias Kerblack, atópanse con que teñen toda a comida lixo coñecida. Saben o que é a comida lixo e por que se chama así? Poñer exemplos en común no grupo. Para eles as chuches son comida lixo?
- Alguén desconfiaba de Kerblack? En que momento da historia comezaron a desconfiar del e por que?
- As vacas-zombi estaban conectadas a unha máquina que extraía as súas babas. Na realidade, existen granxas con sistemas automatizados para muxir as vacas. Quen sabe o que é muxir unha vaca? Falar dos pasos que gandeiros e empresas leiteiras dan dende ese momento até que chega o brick de leite ao supermercado.
- Nun momento da aventura, os nosos amigos chegan a unha granxa solar. Alguén sabe como era posible que seguise habendo luz e electricidade nesa granxa?
- Ao final, Vilamarabilla non era un lugar, era un barco. Alguén subiu a un barco algunha vez? E a un cruceiro como Vilamarabilla? Compartir a experiencia co grupo.

